

Tratamento de datos persoais videovixilancia

Quen é o responsable do tratamento dos meus datos persoais?

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A. ("BBVA"), con domicilio social na Plaza San Nicolás, 4, 48005 Bilbao, España, enderezo electrónico: consultasgenerales@bbva.com

Quen é o delegado de protección de datos do BBVA e como te podes pór en contacto con el?

O delegado de protección de datos é a persoa encargada de protexer o dereito fundamental á protección de datos persoais no BBVA e encárgase do cumprimento da normativa de protección de datos. Poderás contactar co delegado de protección de datos do BBVA accedendo á páxina web bbva.es, apartado Datos persoais/Contacto DPO ou no seguinte enderezo electrónico: dpogrupobbva@bbva.com

Que datos persoais serán obxecto de tratamento? Para que e por que necesita o BBVA tratar os meus datos persoais?

No caso de que accedas a unha oficina do BBVA e/ou utilices os caixeiros do BBVA, informámoste de que o banco ten instalados sistemas de cámaras, fixas e/ou móbiles, conectados a centrais de alarma que son capaces de captar e gravar imaxes. O BBVA poderá tratar a túa imaxe co fin de garantir a seguridade das persoas, os bens así como das propias instalacións ante posibles feitos delituosos que se poidan cometer nas devanditas instalacións. Así mesmo, o BBVA poderá tratar a voz coa finalidade de comprobar o salto de alarma producido no inmovble protexido. A base de lexitimación que permite ao BBVA tratar os teus datos persoais é o cumprimento dunha obriga legal.

Así mesmo, informámoste de que os devanditos sistemas de videovixilancia están funcionando durante as 24 horas do día. O BBVA poderá captar e gravar imaxes a través de sistemas que estarán conectados a centrais de alarma fóra do horario de atención ao público de acordo co interese lexítimo do BBVA en garantir, en todo momento, tanto a seguridade das persoas, como a dos bens e das propias instalacións ante posibles feitos delituosos que se poidan cometer nas ditas instalacións.

Durante canto tempo se conservarán os meus datos?

O BBVA conservará os teus datos persoais durante o prazo de 15 días desde a súa captación. Transcorrido ese prazo, o BBVA destruíraos. Malia o anterior, este prazo poderá ser superior cando se teñan que conservar os datos para acreditar a comisión de actos que atenten contra a integridade das persoas, bens ou as instalacións, de acordo co disposto polas autoridades xudiciais ou as forzas e corpos de seguridade competentes.

Vanse comunicar os meus datos?

Nunca a terceiros, salvo que a lei nos obligue. Malia o anterior, informámoste de que nos supostos de comisión de actos que atenten contra a integridade de persoas, bens ou instalacións, as imaxes poden ser postas a disposición da autoridade competente e/ou forzas e corpos de seguridade.

Cales son os meus dereitos en relación co tratamento de datos persoais?

Poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade mediante un escrito dirixido a central.alarmas@bbva.com ou ao enderezo c/ Azul, n.º 4, 28050 Madrid, á atención do equipo de Seguridade. Podes presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).